

## ENFIANDO

## UNHA CITA CO AIRE

Fragmento do capítulo VII da novela *Unha cita co aire*, de Francisco X. Fernández Naval, que publicada pola Editorial Galaxia chegará ás librerías nos vindeiros días



Texto Francisco X. Fernández Naval  
Escritor

**S**empre pensou que era un pouco meiga. Dixérallo a Abelardo e a Luís en máis dunha ocasión. Na súa opinión notábase-lle no medio sorriso que tiña e nos silencios fuxidíos ós que non deixaba aproximar a ninguén. Pasaba as horas diante dun tarot, ataviada cun vestido branco, coma de gasa, con encaixes e calados, que lle daba unha traza como de santeira. Nunca souberon de onde viña, non llo preguntaron, que presumían de non lles importar o pasado dos demais.

Gabriel chegou a pensar que proviña dunha das illas do Caribe onde se practica o vudú e as cerimonias que trastornan as consciencias e as almas. Mercedes parecía non sentir o frío e movíase pola casa cun sixilo que o desacougaba. O vestido de gasa contrastaba coa súa pel, sempre morena e brillante, e co seu pelo negro e curto, que lle deixaba ó aire a caluga e o pescozo longo e de aparencia fráxil. Botaba as cartas e interpretaba as súas combinacións consultando nun libro de maxia. Botábaas para ela, sen precisar de ninguén, e se cadra nelas escribía o futuro. Escribía, non o descubría, pensaba Gabriel, que sempre considerou que ela tiña poderes. Decía que a súa carta era a da papisa, unha carta que a el non lle gustaba e que a definía coma fría, intelixente, calculadora e rufa, dada ó adulterio e ó incesto, á suplantación e á listezza. Co tempo, Gabriel convenceuse de que ela quería ese papel, xa que a papisa tiña o poder de desemparellar o que semellaba emparellado e lamentaba o moito que tardara en comprender que algo había de certo na súa suposición. Luís quixo convencelo de que todo eran figuracións súas, pero non o conseguiu. A carta que Mercedes lle tiña adxudicada era a do labrego, un tipo serio, de boa sonda, de intelixencia natural, aínda que non excesiva, aqueixado de reumatismo, con tendencia ás disputas familiares. Non te queixes, que no conxunto da baralla esta carta é moi positiva, xustificaba ela para acalar a súa dis-



conformidade. Abelardo era o gaitero, frívolo, irresponsable, amigo da noite, machista e fachendoso, oportunista e adúltero, co mal das flatulencias e a samaqueira. Xa ves que acerta, dícialle Gabriel, sen conseguir que Abelardo se interesase por aquel xogo. Iolanda era a ruda, carta na que se vía unha muller pre-

**“Ela respondeu que era mellor non saber, non obsesionarse cos significados, manterse á marxe do que non se comprendía”**

ñada á beira desa planta. Entre outras cousas que el xa non lembraba, caracterizábase por ser un espírito loitador ó que lle gustaban as solucións extremas e perigosas, sempre arriscando ó límite, con capacidade para envelenar e botar o mal de ollo. E a el dáballo medo a elección daquelas cartas que ela lles atribuíu a cada un, que había outras moitas na baralla para elixir, e en todo aquel xogo seu el intuía algo que non sabía o que era, pero que lle arrepiaba.

Unha tarde, sería de domingo, Gabriel levántouse de botar unha soneta, Mercedes estaba na sala, dian-

te das cartas. Colocadas sobre a mesa viu catro figuras, a ruda, o gaitero, a papisa e o labrego e no centro un espacio baleiro. Sentiuno chegar, fitouno, ofreceulle o feixe de cartas que sostiña na man e pediulle que escollese unha. Tirou dunha das do medio e saíu o pozo. Ela endureceu o aceno mentres colocaba a carta no oco que lle estaba reservado. Preguntoulle polo significado da combinación e Mercedes respondeu que non era bo. Insistiu. Estaban sobre a mesa as cinco cartas, e el quería saber cal era a relación que había entre o pozo e as catro que os representaban a eles. Pero ela respondeu que era mellor non saber, non obsesionarse cos significados, manterse á marxe do que non se comprendía e do que non se podía dominar. Gabriel saíu da sala e marchou da casa dando un portazo. Pola noite, cando regresou, viu sobre o moble da entrada o libro de maxia. Había unha marca entre dúas páxinas. A da dereita explicaba o significado e influencia do pozo: esquecemento, silencio, ignorancia causada, introversión, maquinación, risco, indagacións comprometidas, sabedoría va. Quizais esquecera algo, logo de tantos anos, pero cría lembrar o esencial. A inclinación da carta, soa ou considerada no conxunto das cinco, era negativa. Iso sucedeu poucos días antes de se separar, cando xa a relación ía vencida.